

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 17 DE NOVEMBRO DE 2021.**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezasete de novembro de 2021, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, D.<sup>a</sup> LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.<sup>a</sup> MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.<sup>a</sup> ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.<sup>a</sup> TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.<sup>a</sup> MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

Acórdase a aprobación das actas correspondentes ás sesións ordinarias celebradas pola Xunta de Goberno Local os días 6, 13, 20 e 27 de outubro e 3 e 10 de novembro de 2021

### **ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS**

**1. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.-** Acórdase a 2ª prorroga do contrato dende o 1/12/2021 o 31/11/2022 na contratación do servizo de actividades de ensinanza deportiva e servizos complementarios en diversas instalacións deportivas municipais de Lugo. (Exp. ref. 2019-09- Tecol 2020/C003/000034).

Tamén se acorda a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación das obras de "Renovación de alumbrado público en ronda das Mercedes e Xosé Castiñeira" e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2021-C002-000054.

Así mesmo, acórdase a prorroga do contrato dende o 3/12/2021 ata o 2/12/2022 na contratación do servizo de reparacións na rede de saneamento do Concello de Lugo. Exp. ref. 2020/C003/000011.

Do mesmo xeito, acórdase a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación das obras de "Eliminación de vertidos de augas residuales en el Polígono Industrial de as Gandaras" e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2021-C002-000057.

Acórdase a adxudicación na contratación da subministración de placas

## ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac8556341996048151041.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 17-11-2021

balísticas para a policía local (lote 1) e de pezas de uniformidade para a policía local (lote 2). expte ref 2021-C004-000025.

Acórdase a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación das obras de "Renovación de alumbrado público en calles Montefaro e Illas Canarias" e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2021-C002-000053.

Así mesmo, acórdase a aprobación da prórroga para a anualidade 2021-2022 na autorización do uso especial do dominio público para instalación de máquinas automáticas expendedoras de bebidas frías, quentes e produtos non perecedeiros nos edificios e instalacións municipais. Expte. ref. 2019-010.

### **ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA**

**2. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase denegar a licenza urbanística para modificación da cuberta, eliminación de entresollado, cambios de distribución e modificación do número de vivendas, das obras autorizadas nas licenzas urbanística con referencias número 663/2011 e 118/17, na Calzada da Ponte, números 30-32, (Expte: 271/18).

Acórdase as concesión das seguintes licenzas: para modificación da estrutura con aumento da altura ata 10,80 m dunha nave en construción de uso industrial con licencia nº 208/19, composta de planta baixa dividida en dous módulos para dous almacéns de materiais da construción, na rúa Juan Jacobo Durán Lóriga nº 5 (vial D, parcela O.5.2) Parque Empresarial as Gándaras. (expte: 2021/Y001/000254); para modificacións de distribución e escaleira en edificio existente con licencia nº 52/2012 sito na rúa San Pedro, número 14. (Expte: 2021/Y001/000046.121) e para modificación da estrutura de nave en construción de uso industrial con licencia nº 209/19 na rúa Juan Jacobo Durán Lóriga nº 3 (vial D, parcela O.5.1) Parque Empresarial as Gándaras, na rúa Juan Jacobo Durán Lóriga nº 3 (vial D, parcela O.5.1) Parque Empresarial as Gándaras. (Expte: 2021/Y001/000253).

Tamén se acorda denegar a licenza urbanística para aumento na superficie do galpón executada como modificación da licenza 214/2019, de construción de vivenda unifamiliar de planta baixa e garaxe en Camiño da Igrexa, número 196, no núcleo rural de San Fiz, (expte: 2020/Y001/000264).

**3. PLANEAMENTO.-** Acórdase a toma de razón da sentenza nº 170/2021 do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Lugo, de data do 15-09-2021, desestimatoria do recurso contencioso-administrativo nº 3/2020, contra a aprobación municipal do proxecto de compensación do polígono 1, sector II, do Sunp "IN-G" do PXOU de 1990 (Uzpi-2.I do PXOM vixente).

### ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN B E DINAMIZACIÓN SOCIAL

**4. DEPORTES.-** Acórdase iniciación e adxudicación de subvención previstas nominativamente no orzamento polo procedemento de concesión directa mediante Convenio a favor de "Boxing club cidade de Lugo".

**Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.**